



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BAÑA, A

Concurso de fotografía amateur 2026 pola corresponsabilidade

ANUNCIO

Resolución da Alcaldía.

José Antonio Pereira Gil, alcalde do concello da Baña, á data da sinatura dixital, en presenza da secretaria accidental de dito Concello, emito o seguinte Decreto:

Asunto: CONCURSO DE FOTOGRAFÍA AMATEUR 2026 POLA CORRESPONSABILIDADE

Expte. TEDEC: 2026/X999/000032

Expte. TEDEC: 2026/G003/000649 (Decreto)

Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedemento ó que se refire este decreto en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

Visto o artigo 25.2, nos seus apartados o) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, mediante os que os municipios exercerán en todo caso competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero.

Visto que os concellos son competentes para promover a implicación, concienciación e sesibilización en materia de masculinidades igualitarias, corresponsabilidade e usos do tempos con especial incidencia no rol de coidador dos homes, suxeitos implicados no proceso de transformación cara a unha masculinidade igualitaria e corresponsable.

Vista a ampla importancia de mostrar homes que trascenden os prexuízos da masculinidade tradicional dominante e propiciar modelos e relacións de xénero igualitarias e corresponsables.

Visto o réxime de publicación dos actos administrativos de carácter xeral ou que teñan por destinatarios a unha pluralidade indeterminada de persoas recollido no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Visto que existe crédito orzamentario suficiente na partida 232.22699 do orzamento de 2026, prorrogado de 2025, para facer fronte ós gastos ligados a promoción social.

Vistas as bases do concurso propostas no anexo I.

De acordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, i en aplicación do artigo 10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do réxime xurídico do sector público. Resolvo:

Primeiro. Avocar a competencia unicamente para resolver os asuntos a que se refire este Decreto, que fora delegada por decreto de Alcaldía número 16/2022 de 17/01/2022, na Xunta de Goberno Local.

Segundo. Aprobar as Bases que regulan as normas de participación para o concurso de fotografía amateur pola corresponsabilidade, masculinidades igualitarias, coidados e usos do tempo na Baña e que se incorporarán como anexo á presente Resolución.

Terceiro. Aprobar a autorización do gasto na partida 232.22699 correspondente aos premios establecidos para as distintas categorías, que de seguido se especifican:

- Categoría A: 75€
- Categoría B: 75€

Cuarto. Publicar as Bases no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na sede electrónica deste Concello.

Quinto. Dar traslado do presente acordo aos servizos municipais responsables da súa tramitación, así como a notificación aos terceiros interesados.

Mándao e asíno o señor alcalde, e ordena darlle traslado ao departamento correspondente para a súa incorporación ao expediente do que eu Secretaria- interventora accidental, Rocio Caamaño Gerpe, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

ANEXO I**CONCELLO DA BAÑA****BASES DO CONCURSO DE FOTOGRAFÍA AMATEUR POLA CORRESPONSABILIDADE, MASCULINIDADES IGUALITARIAS, COIDADOS E USOS DO TEMPO NA BAÑA**

O Concello da Baña (A Coruña), a través da Concellería de Acción Social, Cultura e Servizos á Cidadanía, no marco das accións do Plan Corresponsables 2026 outorgado a esta administración municipal, convoca este concurso que se rexerá polas seguintes bases, de conformidade aos requisitos dos artigos 174 e 213 ao 222 do RD Lexislativo 2/2005, de 2 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, RD 500/1990, Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se desenvolve a LXS, lei 39/2015, de 1 de outubro, LPACAP, Lei 40/2015, de 1 de outubro LRXSP, RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime do control interno das entidades do sector público local:

PRIMEIRA. Obxecto da convocatoria. O Concello da Baña, a través da concellería de Acción Social, Cultura e Servizos Sociais, convoca o concurso de fotografía *Amateur* pola corresponsabilidade, masculinidades igualitarias, coidados e usos do tempo na Baña.

SEGUNDA. Participantes e requisitos xerais. Poderá participar calquera persoa empadroadada ou non no Concello, segundo as categorías que se presentan e detallan na base CUARTA. Si a persoa é menor de idade, deberá facerllo a través da súa representación legal, en caso de gañar calquera dos premios.

A obra debe ser súa, orixinal e inédita. Só se pode presentar unha fotografía por participante no concurso. A persoa participante deberá seleccionar a categoría na que desexa participar.

Preténdese a participación de todos os públicos afeccionados á fotografía e que estas imaxes conteñan na súa representación coa colaboración masculina nos diferentes espazos feminizados, como por exemplo os coidados ou as tarefas do fogar. O obxectivo é universalizar as accións e responsabilidades máis alá do xénero e que se reflecta o grao de concienciación respecto diso na poboación da Baña.

TERCEIRA. Temática. No marco do Plan Corresponsables deste ano, preténdese promover a implicación, concienciación e sensibilización en materia de masculinidades igualitarias, corresponsabilidade e usos dos tempos con especial incidencia no rol de coidador dos homes, suxeitos implicados no proceso de transformación cara a unha masculinidade igualitaria e corresponsable. O obxectivo é mostrar homes que transcenden os prexuízos da masculinidade tradicional dominante e propiciar modelos e relacións de xénero igualitarias e corresponsables.

CUARTA. Requisitos específicos. Só se pode presentar a concurso unha fotografía por persoa. As fotografías deberán ser orixinais e non presentadas en ningún outro concurso. Poderán presentarse en vertical ou horizontal e admitiranse imaxes a cor e en branco e negro. Non se permite a presentación de obras creadas total ou parcialmente mediante o uso de intelixencia artificial.

Aquelas fotografías nas que apareza unha persoa identificable, deben contar co consentimento da persoa retratada. O xurado pode requirir este consentimento por escrito.

Haberá dúas categorías:

A) Un premio no que pode inscribirse calquera persoa autora da fotografía empadroadada ou non no Concello.

B) Un premio de participación local, no que se premiará a persoas autoras da fotografía que estean empadroadas no Concello.

QUINTA. Forma de presentación e envío. Enviarase a imaxe dixital individualmente, coa indicación "Concurso de Fotografía *amateur* das masculinidades igualitarias e corresponsables da Baña". Cada fotografía deberá ir co tema da imaxe, un pseudónimo e a categoría na que se participa. Enviarase en formato electrónico (png e pdf) ao enderezo de correo electrónico:

igualdadeABana@gmail.com. Calquera dúbida poderá consultarse no mesmo correo.

A fotografía debe presentarse tamén en formato impreso no Concello ou por correo postal (Praza do Concello s/n, 15863, A Baña, A Coruña), nun sobre cerrado rotulado co pseudónimo da persoa concursante e a categoría elixida. Dentro do sobre, incorporárase fotocopia do seu DNI ou NIE, acompañada da folla de inscrición do Anexo I cuberta e a imaxe impresa, detrás da cal, debe estar indicado o nome do concurso, a categoría, a data e a sinatura.

A ausencia dos datos ou a inexactitude no seu cumprimento pode dar lugar á exclusión das obras do concurso.

Preservarase o anonimato dos/as autores/as na fases de selección das obras para a resolución do xurado.

Coidadas as persoas gañadoras, o Concello poderá facer público o nome dos participantes no concurso.

SEXTA. Prazo. O prazo de inscrición será de 15 días naturais a partir do día seguinte ao da publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP).

A convocatoria, as súas bases e os sucesivos anuncios, publicaranse na Bases de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS), no BOP da Coruña e na sede electrónica do Concello da Baña.

SÉTIMA. Premios. Establécense os seguintes premios:

- Premio categoría A: 75€
- Premio categoría B: 75 €

Non existe obriga de practicar retención ou ingreso en conta sobre os mencionados premios, de conformidade co artigo 75.3f do Real decreto 439/2007, do 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas e se modifica o Regulamento de plans e dondos de pensións, aprobado polo Real decreto 304/2004, do 20 de febreiro.

OITAVA. Xurado, rúbrica de valoración e prazo de resolución do concurso. As persoas que conformen o xurado serán dadas a coñecer antes da concesión do premio. O xurado estará composto por dous persoas do profesorado dos centros escolares do Concello e por unha persoa profesional relacionado/as co mundo da arte e a fotografía. Actuará como secretaria/o do xurado, con voz e sen voto, un/unha técnica/o do Concello.

Os nomes e cargos das persoas que conformen o xurado e a data de reunión para a valoración das fotografías publicaranse na sede electrónica do Concello.

O xurado valorará as fotografías de 1 ao 10, sendo un a puntuación máis baixa e dez a puntuación máis alta, tendo en conta os seguintes criterios:

- Adecuación ás bases
- Calidade técnica
- Composición e estética
- Orixinalidade e creatividade

Para o non previsto nas presentes bases será de aplicación o criterio do xurado.

O nome das dúas persoa/s gañadora/s publicarase na páxina web municipal (www.abana.gal).

NOVENA. Proposta de resolución e notificación. O resultado da deliberación do xurado reflectirase nunha acta, que terá carácter de proposta técnica de adxudicación.

A vista da acta, o órgano instructor elevará proposta de resolución ao órgano competente. A resolución administrativa aprobará a relación de premiados/as e a contía correspondente, declarará, de ser o caso, premios desertos e ordenará a súa publicación.

A acta do concurso e a resolución publicaranse no taboleiro electrónico do Concello da Baña e na sede electrónica. A publicación substituirá a notificación individual de conformidade coa lei 39/2015.

DÉCIMA. Cesión da propiedade das fotos ao Concello a efectos da súa exposición. O Concello da Baña resérvase todos os dereitos de propiedade e uso das fotografías premiadas, citando sempre o nome do/a autor/a. A fotografía orixinal será empregada na campaña do Día nacional da Conciliación e da Corresponsabilidade, 23 de marzo. As imaxes gañadoras e as outras fotografías serán expostas ao público no marco desa data.

DÉCIMO PRIMEIRA. Entrega dos premios. Unha vez publicados as persoas gañadoras, anunciarase a data da entrega de premios na sede electrónica do Concello, que se realizará nun acto público na Casa Consistorial do Concello da Baña, sendo a asistencia obrigatoria ou por delegación.

A información será difundida nas redes sociais municipais.

DÉCIMO SEGUNDA. Pago dos premios. Nun prazo de 10 días posteriores á publicación do fallo do xurado, os premiados deberán presentar certificación bancaria de titularidade da conta e certificación de non ter débedas coa Seguridade Social, a Facenda Galega e a administración tributaria. En caso de resultar gañadora unha persoa menor de idade, deberán acreditar estes puntos o seu representante legal. De non presentarse a documentación, o premio concederáse á seguinte persoa puntuada da proposta do xurado.

O pago dos premios efectuarase mediante transferencia bancaria.

DÉCIMO TERCEIRA. Tratamento dos datos persoais. Os datos persoais facilitados recóllense de acordo co artigo 66 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, LPACAP, e serán obxecto de tratamento o acordo previsto no Regulamento UE 2016/679, do

27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e na LO 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

DÉCIMO CUARTA. Medidas non previstas. A organización resérvase o dereito de modificar estas bases en beneficio do bo funcionamento deste concurso, tomando como parámetro o que dispón a Lei 38/2003 xeral de subvencións, no RD 887/2006 polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións, na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

DÉCIMO QUINTA. Recursos. Con carácter potestativo, de conformidade coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común, e coa Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo dun mes, ou ben recurso-contencioso administrativo no prazo de dous meses, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente.

DÉCIMO QUINTA. Aceptación íntegra das bases. A participación neste concurso implica a total aceptación das presentes bases e da decisión do xurado, que será inapelable.

A Baña, 18 de agosto de 2026.

O alcalde, José Antonio Pereira Gil

a) Responsable do tratamento	Concello da Baña NIF: P1500700H Contacto Delegado de Protección de Datos (DPD):dpd@concellodabana.gal
b) Finalidade do tratamento	Tramitación e xestión das axudas, bolsas e subvencións existentes nos diferentes programas ou liñas de subvención do Concello da Baña.
c) Lexitimación	O tratamento baséase no artigo 6.1.c) do RXPd, cumprimento dunha obrigação legal: - Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. - Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. - Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.
d) Categoría de persoas interesadas	Persoas solicitantes ou beneficiarias de axudas, bolsas ou subvencións.
e) Categoría de datos	-Datos identificativos: nome e apelidos, NIF, enderezo postal, teléfono, imaxe, correo electrónico, sinatura. Datos económicos, número de conta, datos de emprego e profesionais, académicos, datos da vivenda. -Datos de saúde: violencia de xénero, discapacidade -Orixe racial/étnica
f) Destinatarios/as	Base Nacional de Subvencións, AEAT.
g) Transferencias Internacionais	Non está previsto realizar transferencias internacionais.
h) Prazos de conservación	Conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento dos datos, conforme á Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, ademais dos períodos establecidos na normativa de arquivos e documentación aplicable no Concello da Baña.
i) Medidas de Seguridade	As medidas de seguridade (técnicas e organizativas) implantadas cumpren co Anexo II (Medidas de seguridade) do Real decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o esquema nacional de seguridade e no ámbito da administración electrónica (ENS).

ANEXO I

CONCURSO DE FOTOGRAFÍA AMATEUR POLA CORRESPONSABILIDADE, MASCULINIDADES IGUALITARIAS, COIDADOS E USOS DO TEMPO NA BAÑA

FOLLA DE INSCRICIÓN

Datos do/a autor/a

NOME: _____

APELLIDOS: _____

ENDEREZO: _____

POBOACIÓN: _____

TELÉFONO: _____

CORREO ELECTRÓNICO: _____

En caso de menores de idade:

Nome e apelidos da persoa que lle representa legalmente: _____

DATOS DA FOTOGRAFÍA

Título da obra: _____

Categoría: ☐ A☐ B

Declaro que lin, comprendo e acepto as bases do concurso

Sinatura da persoa concursante_____
Sinatura da persoa representante legal
(en caso de persoas menores concursantes)

j) Responsable do tratamento	Concello da Baña NIF: P1500700H Contacto Delegado de Protección de Datos (DPD):dpd@concellodabana.gal
k) Finalidade do tratamento	Tramitación e xestión das axudas, bolsas e subvencións existentes nos diferentes programas ou liñas de subvención do Concello da Baña.
l) Lexitimación	O tratamento baséase no artigo 6.1.c) do RXPd, cumprimento dunha obrigação legal: - Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. - Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. - Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.
m) Categoría de persoas interesadas	Persoas solicitantes ou beneficiarias de axudas, bolsas ou subvencións.
n) Categoría de datos	-Datos identificativos: nome e apelidos, NIF, enderezo postal, teléfono, imaxe, correo electrónico, sinatura. Datos económicos, número de conta, datos de emprego e profesionais, académicos, datos da vivenda. -Datos de saúde: violencia de xénero, discapacidade -Orixe racial/étnica
o) Destinatarios/as	Base Nacional de Subvencións, AEAT.
p) Transferencias Internacionais	Non está previsto realizar transferencias internacionais.
q) Prazos de conservación	Conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento dos datos, conforme á Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, ademais dos períodos establecidos na normativa de arquivos e documentación aplicable no Concello da Baña.
r) Medidas de Seguridade	As medidas de seguridade (técnicas e organizativas) implantadas cumpren co Anexo II (Medidas de seguridade) do Real decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o esquema nacional de seguridade e no ámbito da administración electrónica (ENS).

2026/5490